



TERRITORIO
VÁKNER

I Edición

CERTAME DE RELATOS

TERRITORIO VÁKNER

BASES

1. **Obxecto:** O obxectivo do presente certame é contribuír á divulgación e ao fomento da creatividade literaria en relación ao Camiño de Fisterra e Muxía, unha vía percorrida durante milenios por peregrinos chegados de todos os recunchos do mundo. Unha aventura vital que se veu reflectida en multitude de manifestacións literarias e históricas que poden e deben ter continuidade no patrimonio colectivo en forma de novas creacións. Ao mesmo tempo preténdese darlle dimensión literaria ao feito histórico de que no ano 1493 o bispo Mártiros de Arzendján, de Armenia, se enfrontou en terras de Dumbría a un monstro.
2. **Participantes:** Poderán participar todas as persoas maiores de 16 anos.
3. **Texto:** Cada un dos relatos poderá ter unha extensión mínima de 4.000 caracteres, con espazos incluídos, e máxima de 6.000. A temática das narracións ha de estar relacionada con misterios no Camiño de Fisterra, o monstro Vákner ou similares que teñan por escenario o Camiño de Fisterra e Muxía.

4. **Desenvolvemento:** De entre todos os relatos recibidos, o xurado elixirá os dez que considere de mellor calidade literaria, máis orixinais e mellor adaptados ao escenario da convocatoria. Os tres primeiros serán publicados nas páxinas de La Voz de Galicia.

5. **Premios:** O gañador e os autores do segundo e terceiro relatos mellor valorados recibirán o correspondente diploma e premios en produtos ou servizos propios do Camiño de Fisterra e Muxía, así como unha peza distintiva exclusiva e propia desta convocatoria literaria. Os sete restantes recibirán un diploma e unha peza distintiva.

6. **Prazo e lugar de inscrición:** Cada autor deberá enviar os textos identificados cun lema e pseudónimo acompañados dun sobre pechado cos datos persoais do autor da obra. Os participantes deberán enviar os textos correctamente identificados á delegación de La Voz de Galicia (R/ Gran Vía 84 - 1º. 15100 Carballo) antes do 28 de febreiro.

Organizan:

La Voz de Galicia



Patrocinan:



Concello
de Dumbría



Deputación
DA CORUÑA



TERRITORIO
VÁKNER

II Edición

CONCURSO TERRITORIO VÁKNER

CONTOS DE MISTERIO NO CAMIÑO

BASES

- 1. Obxecto:** O obxectivo do presente concurso é descubrir o talento literario e espertar a imaxinación entre os escolares dos concellos polos que transcorre o Camiño de Fisterra: Santiago, Ames, Negreira, Santa Comba, Mazaricos, Dumbría, Cee, Corcubión, Fisterra e Muxía. Ó mesmo tempo, preténdese darlle dimensión literaria ao feito histórico de que no ano 1493 o bispo Mártiros de Arzendján, de Armenia, se enfrontou nas terras de Dumbría a un monstro.
- 2. Participantes:** Haberá dúas categorías. Na primeira poderán participar todos os nenos que estuden 3.º ciclo de primaria, cursos 5.º e 6.º, dos colexios polos que transcorre o Camiño de Fisterra e Muxía. E a segunda é para estudantes de ESO dos centros dos municipios polos que transcorre o Camiño de Fisterra e Muxía.
- 3. Texto:** Cada unha das creacións poderá ter unha extensión máxima de 1.500 caracteres. A temática dos contos deberá estar relacionada cos misterios ou o terror e, en concreto, co Vákner, o monstro ao que tivo que enfrontarse o bispo Mártiros, e o Camiño de Fisterra e Muxía.

4. **Desenvolvemento:** De entre todos os contos recibidos, o xurado elixirá cinco de cada unha das dúas categorías que serán publicados en La Voz de Galicia.

5. **Premios:** Establécense premios aos tres mellores de cada categoría e diplomas aos demais seleccionados .

6. **Prazo e lugar de inscrición:** Cada colexio deberá enviar os textos correctamente identificados á dirección de correo electrónico eventos.carballo@lavoze.es ou por correo ordinario á delegación de La Voz de Galicia (R/ Gran Vía 84 - 1º. 15100 Carballo), o a eventos.carballo@lavoze.es, antes del 28 de febreiro.

Organizan:

La Voz de Galicia



Patrocinan:

